



## **O Pleno do Parlamento garda un minuto de silencio en memoria da última vítima da violencia de xénero**

**Santiago, 27 de outubro de 2015.-** O Pleno do Parlamento de Galicia gardou esta mañá, ao inicio da sesión, un minuto de silencio como sinal de repulsa contra a violencia de xénero e en memoria da última vítima, que perdeu a vida na madrugada do pasado sábado en Ponte Sampaio (Pontevedra).

De seguido, o Pleno da Cámara elixiu tres integrantes do Consello Social da Universidade da Coruña, procedendo deste xeito á cobertura doutras tantas vacantes. Resultaron elixidos Eduardo Álvarez González, Luis Ramiro Díaz López e Luis Felipe Llamas Gómez.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.